

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE SETEMBRO 2007

Ás 9.30 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no anexo I. Xustifican a súa ausencia os señores Casteleiro Maldonado, Dopico Calvo e Tasset Carmona.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da visita institucional que realizou don Francisco Javier Losada de Azpiazu, alcalde da cidade da Coruña, o día 24 de xullo. Tamén da visita institucional de don Emilio Botín-Sanz de Sautola y García de los Ríos, presidente do Banco Santander S.A. e do Portal Universia S.A., o pasado día 19 de setembro para a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Banco de Santander.

O Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da situación actual do proxecto do Real decreto sobre a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, que foi remitido ao Consello de Estado, cuxo texto recolle varias das suxestións presentadas pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, CRUE (que pode consultarse no seguinte enderezo: <http://www.crue.org/pdf/RD-enseñanzas-Versión-Consejo%20Estado.pdf>). O Sr. Reitor tamén informa de que o Ministerio de Educación e Ciencia rematou a definición dos borradores dos reais decretos de concurso de acceso e de acreditación para o acceso aos corpos docentes universitarios (poden consultarse no enderezo <http://www.crue.org/pdf/R.D.ACREDIT.CONCURS.31.07.2007.pdf>).

Remata a súa intervención expresando o pesar da Universidade da Coruña pola defunción de don Manuel García-Fuentes De la Fuente, profesor da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr Vicerreitor de Estudantes, quen comeza a súa intervención falando do novo convenio que foi asinado co Banco Santander, cuxa formalización vai permitir a posta en marcha dunha serie

de accións no ámbito do apoio ao estudo. Por un lado, a creación dos Premios UDC-Banco Santander, o que supón que os premios extraordinarios de fin de carreira, que concede este Consello de Goberno, leven asociados, a partir de agora, un premio de 1200 euros. Por outro, a creación das bolsas UDC-Banco Santander para o alumnado dos programas oficiais de posgrao, que serán convocadas nas próximas semanas, ademais da posta en marcha tamén de accións concretas vinculadas á mobilidade internacional dos estudantes.

A propósito dos temas relacionados cos premios extraordinarios, aproveita tamén para comentar que, tradicionalmente, viñan presentando un certo desaxuste no relativo á data da súa concesión. Concretamente, no acto académico en que se entregan, que é na festividade de San Tomé de Aquino (menciona o caso dos correspondentes ao curso académico 2005/2006, en que a Resolución reitoral de convocatoria foi do día 22 de decembro de 2006 e se concederon na sesión do Consello de Goberno de maio de 2007, mais que se entregaron na festividade de San Tomé de Aquino, en febreiro). Para corrixir tales eivas, anuncia o adianto da data da convocatoria, de xeito que cada ano, na festividade de San Tomé, se entreguen os premios que correspondan ao curso académico anterior.

O Sr. Vicerreitor de Estudantes dá conta, igualmente, da nova campaña UNIPORTA, que é unha consecuencia do convenio que se asinou coa Consellería de Innovación e Industria e pola que se subvenciona con 200 euros a adquisición de ordenadores portátiles por parte do estudantado. Trátase dunha campaña que vai estar aberta até o 15 de novembro e que se reabrirá de novo no mes de xaneiro. Tamén informa da rebaixa do 50% no bono-bus universitario do campus da Coruña, que é un froito do acordo que se formalizou para tales efectos co Concello da Coruña; de xeito que o estudantado beneficiario do bono-bus pagará 20 céntimos en lugar dos 40 ou 44 que viñan pagando. Remata a súa intervención aludindo a diversas convocatorias de bolsas e de axudas, tales como a convocatoria de bono-bus universitario (que acaba de saír), as bolsas Cátedra Fundación María José Jove da Universidade da Coruña para o estudantado con necesidades educativas especiais (que sairán na próxima semana, coincidindo co comezo do novo curso), as axudas para os estudantes gañadores das olimpíadas científicas e os premios UDC á excelencia académica no bacharelato.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen comeza a súa intervención dando conta da publicación do resultado da IV Convocatoria de Grupos Departamentais de Calidade, para logo falar do proceso de implantación da nova aplicación de xestión académica (Xescampus), que está a permitir a tramitación das matrículas sen incidencias serias na totalidade das titulacións da nosa universidade. Informa tamén de que xa está accesible a consulta do correo electrónico da Universidade a través do móbil e da posta en marcha de UDCTV, a plataforma de televisión do campus virtual multimedia da Universidade da Coruña. Comenta, igualmente, que o día 2 de outubro se vai producir a inauguración do CAP, que conta nesta ocasión cunha matrícula próxima aos 600 estudantes.

O Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea centra a súa intervención nas políticas de calidade da Universidade da Coruña, ao sinalar que a nosa universidade continúa coa súa política de avaliación dos centros, dos servizos e dos laboratorios e que, neste momento, está a finalizar o documento para a implantación de *Docentia* no contexto do traballo conxunto entre a ACSUG e as UTC das tres universidades galegas. Co fin de contribuír ao cumprimento dos criterios de acreditación, dá conta tamén de que a UTC vén de poñer en marcha unha exposición itinerante con charlas informativas sobre a oferta formativa e de servizos da Universidade da Coruña, que formará parte, como actividade, do Plano de acollida que a Universidade leva a cabo cos seus centros. Igualmente, dá conta da próxima reunión da Comisión de Posgrao, que terá lugar o día 1 de outubro e en que se propondrá a delegación de competencias de xestión na Comisión de Doutoramento, a creación de comisións para estudar as novas propostas de mestrados oficiais na UDC e en que se exporá a situación actual dos doutoramentos na UDC para enfrontar algúns posibles problemas derivados da transformación do ensino universitario. En temas de posgrao, o Sr. Vicerreitor tamén informa do resultado da primeira das mesas interuniversitarias, en que se acordou que os directores de centro poderán solicitar información completa dos mestrados que ofrecen as outras universidades co fin de alegaren o que estimen conveniente. Estas alegacións irán dirixidas á universidade que o solicitar, á ACSUG e á Comisión de Posgrao para que as teñan en conta no proceso de aprobación. En relación co proceso de implantación dos graos, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea sinala que a Universidade da Coruña se mantén á expectativa da aprobación do Real decreto de transformación do

ensino universitario, como xa se ten informado ás direccións dos centros. Dá conta tamén da reunión co director xeral de Calidade e Ordenación do Sistema Universitario e cos vicerreitores de Santiago e de Vigo para debater sobre os problemas que provoca a implantación dos novos títulos de grao no SUG, sinalando ao respecto que, neste momento, se está á espera de concretar un posible acordo, formulado polos tres vicerreitores encargados da converxencia, para que as tres universidades comencen o proceso con algunha titulación que sexa única no SUG, deixando para un segundo momento a transformación do resto. De non se chegar a acordo, as universidades decidirán autonomamente cal será a súa estratexia de implantación.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa do procedemento para a avaliación dos méritos docentes (quinquenios) e dos méritos de investigación (sexenios) do profesorado contratado laboral indefinido, en que tamén está incluído o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, concretamente o profesorado funcionario da Xunta de Galicia que proceda da escala de profesores do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia integrado na Universidade da Coruña.

Unha vez finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, que intervén para sinalar que xa se resolveu a convocatoria da cesión de espazos para os grupos de investigación no Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (CITIC) e que está publicada na páxina web da Universidade da Coruña.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno. Realizáronse validacións de expedientes de gasto por valor de 344.335,90 euros (1.078,05 euros do expediente C-9 bis e 343.257,85 euros do expediente C-10), de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. Comeza a súa intervención indicando que o pasado 23 de xullo se recibiu unha notificación da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica do Ministerio de Educación e Ciencia, en que se comunicaba a

concesión á Universidade da Coruña dunha axuda de 3.273.750 euros correspondente á última Convocatoria de Parques Científicos e Tecnolóxicos. Trátase dunha axuda que vai destinada a financiar as ampliacións do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) e do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (CITIC). A partida máis ampla, de 2.385.000 euros, correspóndelle á ampliación do CITEEC, mentres que á ampliación do CITIC lle corresponden 888.750 euros.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen informa de asuntos relacionados especificamente co persoal de administración e servizos da nosa universidade, concretamente dos procesos selectivos e dos concursos que se están a desenvolver. Dá conta do estado actual das diferentes probas que se realizan actualmente para o acceso aos grupos A, B e C da escala oficial de bibliotecas e para o acceso ao grupo D. Tamén dá conta dos concursos do persoal de administración e servizos laboral e funcionario e dos coordinadores informáticos.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen intervén para informar das distintas accións que foron realizadas desde a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña.

En primeiro lugar, infórmaos da concesión de dous proxectos coordinados e liderados pola nosa Oficina de Cooperación e Voluntariado, que obtiveron a máxima puntuación na Convocatoria Pública de Subvencións a Proxectos de Cooperación para o Desenvolvemento da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia), que constitúe un feito de suma importancia, de termos en conta que os proxectos das outras dúas universidades galegas e das empresas e dos sindicatos que o solicitaban obtiveron menor consideración, sendo algúns deles, mesmo, denegados. Trátase de proxectos en Tanzania e en campamentos saharauís, que van ser desenvolvidos en colaboración coa entidade Enxeñaría Sen Fronteiras e que son a continuación do traballo que se desenvolveu o ano pasado. A totalidade do investimento da Xunta de Galicia en Cooperación en Tanzania e en Arxelia correspóndelle aos proxectos que promove a Oficina de Cooperación e Voluntariado. No caso de Tanzania, o financiamento da Xunta de Galicia é unicamente de 86.000 euros, mais forma parte dun proxecto moito máis amplo da Unión Europea

de 3 millóns de euros en catro anos que executan no distrito de Same (Tanzania) Enxeñería Sen Fronteiras e a nosa Oficina de Cooperación e Voluntariado.

En segundo lugar, o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación dálles conta aos membros do Consello de Goberno dos contactos que mantivo coa Dirección Xeral para a posta en marcha dun programa de auga e de saneamento en Mozambique, así como a colaboración estreita nos programas da mesma Xunta de Galicia no Salvador.

En terceiro lugar, informa das xornadas organizadas desde esta oficina, que levan por título «Xénero e Cooperación: Análise, Crítica e Propostas para o Desenvolvemento» e que se van realizar do 16 ao 18 de outubro deste ano.

Remata esta quenda de intervencións o Sr. Secretario Xeral, quen intervéen para informar da convocatoria de 25 bolsas Leonardo do Proxecto Global Training III para a realización de prácticas profesionais en empresas de Francia, Grecia, Italia, Portugal e o Reino Unido, a razón de cinco bolsas por país. Para obter máis información sobre este proxecto en concreto, que se realiza en colaboración coa axencia de formación ONECO e que está dirixido a persoas recentemente tituladas da Universidade da Coruña que estean en situación legal de desemprego, o Sr. Secretario Xeral remite aos membros do Consello de Goberno á páxina web <http://europa.udc.es>. Finaliza a súa intervención dando conta do nomeamento de dona María José Martínez López como coordinadora institucional ERASMUS da Universidade da Coruña.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2007, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros, na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do campus de Ferrol.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir co establecido no artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 72

convenios que figuran no anexo II, que se clasifican en convenios marco (1), convenios específicos (un total de 22) e convenios para prácticas (un total de 49) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión, que figuran no mencionado anexo II, son aprobados por asentimento.

4. Aprobación, se proceder, do regulamento de bolsas na Universidade da Coruña

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral, quen intervén para dar conta da proposta de regulamento de bolsas na Universidade da Coruña e sobre a cal emitiu un informe favorable o Servizo de Asesoría Xurídica. Comeza a súa intervención indicando cales son os obxectivos que se perseguen con esta proposta, que son os tres seguintes: 1) conseguir unha mellor formación práctica do estudantado da Universidade da Coruña a través das actividades que poden realizar para a comunidade universitaria ao colaborar en tarefas previamente definidas e sempre en réxime de compatibilidade cos seus estudos; 2) homoxeneizar as condicións en que se realizan as actividades formativas das persoas beneficiarias de bolsas; e 3) comezar unha política propia de bolsas que contribúa á mellora da formación integral do estudantado da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención repasando un por un os principais aspectos de contido desta proposta de regulamento.

Abren a quenda de intervencións a Sra. López Fernández e o Sr. Cao Abad, que se interesan polo sistema de puntuación que se recolle no anexo I desta proposta de regulamento. Nesta quenda tamén participa a Sra. Rodríguez Amoroso, quen considera moi oportuna esta proposta de regulamento de bolsas, aínda que, sempre para mellorar a súa finalidade, propón que a regra da incompatibilidade que recollen os artigos 6 e 18 da proposta se poida obviar en determinadas ocasións, de cara a garantir que todo o estudantado teña acceso á posibilidade de se formar a través desta bolsas, sen discriminacións económicas de ningún tipo, porque hai persoas que traballan para poderen pagar os seus estudos. Inciden tamén sobre a oportunidade de obviar ou non en determinados casos esta regra da incompatibilidade os señores Soraluze Blond, Ferreiro Baamonde, Fernández López, Casabella López e a señora Grela Barreiro. Aproveita

este punto o Sr. Fernández López para propor unha mellora na redacción da disposición adicional segunda deste borrador de regulamento, engadindo «sempre e cando o tempo conxunto exceda de doce meses».

Igualmente, o Sr. Soraluze Blond intervén sobre outros aspectos moi concretos desta proposta de regulamento de bolsas, manifestando en todo caso que se trata dunha proposta moi estrita, que vai dilatar e complicar moito o procedemento de concesión de bolsas. Nesta mesma liña tamén inciden os Sres. Recuero Astray e Delgado Martín, que se interesan ademais no papel concreto que lles corresponde asumir aos departamentos. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalles que se trata dunha proposta que pretende axustarse aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, de tal xeito que no procedemento de concesión das bolsas aparezan garantidos, en todas e cada unhas das súas fases, os dereitos constitucionais das persoas que optan ás bolsas en cuestión. O Sr. Delgado Martín tamén repara na súa intervención en aspectos relacionados co perfil académico do estudantado e coa exclusión desta proposta do estudantado de títulos propios da Universidade da Coruña.

Despois desta quenda de intervencións, apróbase o regulamento de bolsas na Universidade da Coruña tal e como figura no anexo III, mais coa incorporación neste da posibilidade de obviar a regra de incompatibilidade dos seus artigos 6 e 18 e coa proposta de mellora de redacción da súa disposición adicional segunda. Neste mesmo sentido, acórdase que na seguinte sesión do Consello de Goberno se regulen os concretos supostos que permiten obviar a mencionada regra da incompatibilidade.

5. Aprobación, se proceder, do Plano de formación integral do persoal de administración e servizos 2007-2009

Neste punto concreto da orde do día, o Sr. Xerente toma a palabra para dar conta do Plano de formación integral do persoal de administración e servizos 2007-2009. Despois de lles dar conta detallada aos membros do Consello de Goberno dos obxectivos e do contido do mencionado plano, o Sr. Xerente remata a súa intervención indicando que se trata dun plano participativo, en tanto que foi elaborado pola Comisión de Formación, en que participaban o Comité de Empresa, a Xunta de Persoal e o Servizo do Persoal de Administración e Servizos, cuxo traballo quere agradecer expresamente aquí; proactivo, porque se nutre de información continua; e

integral, dado que coordina todas as accións formativas, sempre coa finalidade de optimizar.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que toman a palabra o Sr. Fernández López, quen considera moi positivo este plano, aínda que chegue tarde e solicita a súa inmediata materialización; e o Sr. Delgado Martín, quen solicita información sobre o orzamento concreto de execución deste plano e a súa correspondente avaliación. En resposta, o Sr. Xerente sinálalle que hai un orzamento de 2.167.000 euros para o ano 2007 e que se trata dun plano plurianual, que se avalía con enquisas dos formadores e das persoas participantes e coa elaboración dunha memoria final.

Apróbase por asentimento o Plano de formación integral do persoal de administración e servizos 2007-2009, que figura no anexo IV.

6. Aprobación, se proceder, das modificacións orzamentarias

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa detalladamente da proposta de modificacións orzamentarias, despois explicar as razóns que determinan tal proposta. No caso concreto da partida 9845 422D 21401, que está destinada ao mantemento de embarcacións, as razóns están no feito de que tal mantemento esixe a adquisición dalgúns elementos que se consideran inventariables. No que atinxe ás restantes partidas, a instrumentación das achegas ao parque tecnolóxico como capital das sociedades presenta vantaxes fiscais e axústase ás necesidades derivadas da captación de capitais externos.

Apróbanse por asentimento as modificacións orzamentarias.

7. Licenzas

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da solicitude da licenza solicitada e que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Apróbanse por asentimento a licenza en cuestión.

8. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa os membros do Consello de Goberno das propostas de dotación de prazas de profesorado, e as razóns que determinan tales propostas. Unhas están en relación con cambios de dedicación, outra refírese á contratación laboral e as restantes son prazas de profesorado habilitado. Trátase dunha relación de propostas que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Despois dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Cao Abad, apróbase por asentimento a relación de prazas que figura no anexo V.

9. Proposta de profesor honorario

Despois da explicación ofrecida polo Sr. Vicerreitor de Profesorado aos membros do Consello de Goberno, apróbase por asentimento a proposta de profesor honorario que figura no anexo VI.

10. Resolución dun recurso de reposición formalizado contra o acordo do Consello de Goberno de 15 de maio 2007 sobre os premios extraordinarios de licenciatura

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa do recurso de reposición interposto contra a decisión deste Consello de Goberno do día 15 de maio de 2007 sobre os premios extraordinarios de licenciatura, cuxa razón de ser está na decisión adoptada na Facultade de Ciencias da Educación de emitir un informe negativo para todas as solicitudes que non acadasen unha media de sobresaliente. Considera necesario ampliar a documentación que obra no expediente de cara a que o Consello de Goberno poida responder ao recurso formalizado, por esta razón proponlles aos membros do Consello de Goberno que se lle solicite un informe máis completo ao centro e ao órgano competente deste que entre a valorar as solicitudes dos premios extraordinarios, para motivar a súa decisión.

Despois dunha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Pena Agras e Casabella López, apróbase por asentimento solicitarlle ao centro afectado un informe máis completo e ao órgano competente deste que entre

a valorar as solicitudes dos premios extraordinarios, para motivar a súa decisión.

11. Aprobación, se proceder, do regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin*

Neste punto concreto da orde do día, despois da intervención da Sra. Vicerreitora de Investigación, os membros do Consello de Goberno acordan, sempre por cuestións de estrita formalidade, solicitarlle ao Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin* que corrixa certas eivas de presentación formal do seu regulamento e tamén que especifique algo máis o contido do seu artigo 4, sobre a «natureza e clase», na parte relativa aos seus obxectivos.

12. Declaración institucional de apoio ás candidaturas da torre de Hércules e do Ferrol da Ilustración como bens galegos Patrimonio da Humanidade

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen intervén para lle dar lectura á declaración institucional da Universidade da Coruña en apoio da candidatura da torre de Hércules e do Ferrol da Ilustración como patrimonio da humanidade recoñecido pola UNESCO, que figura no anexo VII.

13. Aprobación, se proceder, da proposta de concesión das medallas de ouro da Universidade da Coruña

Ao abeiro do Regulamento de símbolos, honras e protocolo da Universidade da Coruña (que foi aprobado na sesión do Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2005), o Sr. Reitor formúlalles aos membros do Consello de Goberno a proposta de concesión da Medalla de Ouro da Universidade da Coruña aos profesores doutores don Manuel Gallego Jorroto, don César Portela Fernández-Jardón e don Andrés Fernández-Albalat Lois, polas súas salientables traxectorias profesionais no cultivo da arte da Arquitectura e polos servizos prestados á Universidade da Coruña.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Casabella López, quen solicita que a Medalla de Ouro da nosa Universidade da Coruña se lle conceda a título póstumo a D. Rafael Baltar Tojo, quen foi

unha das personalidades máis destacadas no eido da Arquitectura e un dos impulsores da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Igualmente, tamén intervén o Sr. Delgado Martín, quen se interesa pola distinción que efectúa o Regulamento de símbolos, honras e protocolo da Universidade da Coruña entre as medallas e as medallas de ouro, tendo en conta para tales efectos que as medallas de ouro constitúen unha distinción que só debe concederse atendendo ao carácter extraordinario dos servizos prestados á Universidade ou ao desempeño de altas responsabilidades internacionais, nacionais, autonómicas ou locais. En resposta, o Sr. Reitor sinala que os Sres. Manuel Gallego Jorroto, César Portela Fernández-Jardón e Andrés Fernández-Albalat desenvolveron e desenvolven unhas brillantes carreiras profesionais ao longo destes últimos anos e que a súa vinculación coa Escola Técnica Superior de Arquitectura lles permitiu difundir nas aulas e nos estudos da escola o seu singular grao de excelencia técnica e artística. Así, varias xeracións dos arquitectos e das arquitectas formados na Universidade da Coruña na súa curta e intensa traxectoria puideron formarse tendo como mestres e como referencia inmediata a tres dos mellores arquitectos da historia de Galicia. Ademais, forman unha tríade de recoñecida proxección estatal e internacional. Os relevantes galardóns que eles obtiveron en España e fóra de España avalan o que todos nós sabemos: que estamos diante dunha xeración de arquitectos que marcan un fito especial na cultura galega, de modo que non se podería contar o desenvolvemento da nosa universidade e da nosa cultura sen explicar a contribución dos nosos tres compañeiros. As súas obras, renovadoras e vangardistas, espállanse por todo o país e achegan destacados símbolos da modernización social e cultural da nosa sociedade. Unha expresión de vitalidade nacida dunha ollada aberta ao mundo desde un fondo entendemento do país. O Sr. Reitor remata a súa intervención afirmando que as persoas propostas son aedoras da máxima distinción da nosa universidade polo seu labor docente, pola excelencia investigadora e polo prestixio das súas carreiras, que transcende o ámbito do noso campus.

En votación secreta, os membros do Consello de Goberno acordan por maioría a concesión da Medalla de Ouro da Universidade da Coruña aos profesores doutores don Manuel Gallego Jorroto, don César Portela Fernández-Jardón e don Andrés Fernández-Albalat Lois, rexistrándose un voto en contra e tres votos en branco.

14. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Pena Agras, quen se interesa polo convenio que aparece identificado co número 11 na relación de convenios, concretamente polo recoñecemento da correspondencia entre os ciclos formativos de grao superior da formación profesional. Como resposta, tanto o Sr. Reitor como a Sra. Vicerreitora de Organización Académica indícanlle que se trata dun convenio formalizado tendo en conta o que establece para tales efectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que lles permiten ás entidades aquí asinantes promover a continuación dos estudos universitarios aos titulados técnicos superiores da formación profesional específica e recoñecerlles a formación adquirida no ciclo formativo superior que teñan cursado. O sistema de recoñecemento vén recollido no propio convenio, que está elaborado mediante validacións de créditos en virtude do currículo.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín, quen solicita que se limpen os espazos destinados para o aparcamento que hai enfronte da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Tamén que se baleire o contedor desta escola, que xa está ategado de residuos. Unha vez rematada a súa intervención, o Sr. Pena Agras aproveita este tema para falar dos residuos de laboratorio da Escola Politécnica Superior, dos que xa deu conta no seu día. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental sinálalle que descoñecía tales temas e que vai tomar as medidas que sexan necesarias para poñer fin aos problemas que se están a ocasionar. Remata a súa intervención indicando que se trata dun asunto onde non están moi claras as competencias (do Concello da Coruña ou da Universidade da Coruña), dado precisamente o carácter urbano dos campus afectados.

Toma a palabra o Sr. Rego Veiga, quen, despois de incidir no asunto relativo á limpeza dos campus, trata o tema da matrícula gratuíta das persoas que sexan titulares dunha bolsa predoutoral. O Sr. Reitor tamén toma a palabra para lle sinalar que xa existen propostas moi concretas sobre a matrícula destas persoas.

Toma a palabra o Sr. González López para falar do Real decreto sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, a que fixo mención o Sr. Reitor ao comezo desta sesión do Consello de Goberno e formular unha serie de cuestións relativas á aplicación deste na Universidade da Coruña.

Igualmente intervén o Sr. Cao Abad en temas relacionados coa ordenación dos ensinos universitarios. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea sinálalles que non hai unhas directrices aprobadas para os efectos, agás no caso das titulacións xa reguladas, unha razón pola que lles dá conta do procedemento que, con toda probabilidade, se seguirá e no que os centros da Universidade da Coruña teñen a responsabilidade final até o extremo de que contarán con asesoramento externo para resolver as dúbidas que xurdan.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen lle quere agradecer ao Sr. Xerente a súa información sobre os temas relacionados co persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña. Considera que debe acelerarse o proceso de incorporación de novos usuarios ao servizo de bibliotecas, unha razón pola que lles pide ás vicerreitorías implicadas unha maior celeridade. Remata a súa intervención falando do Regulamento de bolsas na Universidade da Coruña que foi aprobado polo Consello de Goberno nesta sesión, agradecendo a todas as partes implicadas o traballo realizado para a súa elaboración e para a súa aprobación. Igualmente, critica a convocatoria de bolsas realizada desde a Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental e desde a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea durante o proceso de elaboración do mencionado regulamento, considerándoa unha provocación por entender que non se obrou de boa fe.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 horas.